



2025/SUBDIREC/000036

Certificación do acordo

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

Certifico: que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 30.10.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

A.- OUTORGAMENTO DUNHA SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN COMITÉ ESPAÑOL DE LA UNRWA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO CONSISTENTE EN GARANTIR O EXERCICIO DO DEREITO Á SAÚDE DA POBOACIÓN MÁIS VULNERABLE DA FRANXA DE GAZA. 2025/SUBDIREC/000036.

I. Antecedentes:

1. En data do 26/09/2025 a Asociación Comité Español de la UNRWA (en adiante UNRWA España) solicitou a través da Sede Electrónica do Concello que se lle outorgue unha subvención por importe de 15.00,00 € do proxecto internacional humanitario consistente en garantir o exercicio do dereito á saúde da poboación máis vulnerable da Franxa de Gaza.
2. O 02.10.2025 o alcalde emitiu unha memoria xustificativa na que se dispón o inicio do expediente de outorgamento da subvención directa solicitada por UNRWA España polo importe solicitado e ata o 100% do custo total da actividade, dispoñendo ao Gabinete da Alcaldía como servizo xestor da subvención.
3. A xefa do Gabinete da Alcaldía emitiu informe con proposta de resolución, incorporándose por este servizo un proxecto de acordo, nos termos da memoria asinada pola Alcaldía.
4. O expediente foi fiscalizado pola Intervención Xeral Municipal, quen o informou de conformidade, sinalándose que procede continuar coa súa tramitación.

II. Normativa de aplicación:

- Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.
- Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación ao desenvolvemento sostible e a solidariedade global.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS).
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006 (en adiante RLXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da corporación municipal na sesión do 17/09/2004 (en adiante OXS).
- Instrumento de adhesión de España a la Convención sobre privilegios e Inmunidades de los Organismos Especializados, aprobada por la Asamblea General de Naciones Unidas el 21 de noviembre de 1947 (BOE número 282 de 25 de noviembre de 1974)
- Acordo Marco entre o Reino de España e o Organismo de Obras Públicas e Socorro de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina no Cercano Oriente (OOPS), asinado o 25 de xaneiro de 2008 (BOE nº166 de 10 de xullo de 2009).





III. Consideracións xurídicas:

1. Competencia das Entidades Locais en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Segundo unha reiterada doutrina, o artigo 25.1 da Lei 7/1985 fundamenta a intervención local na cooperación internacional ao desenvolvemento, ao dispoñer que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no eido das súas competencias, pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Carta Europea da Autonomía Local, no seu artigo 10.3 reconece e configura o dereito de asociación das Entidades locais, declarando o parágrafo terceiro que as Entidades locais poden, nas condicións eventualmente previstas pola lei, cooperar coas entidades doutros estados, servindo esta previsión para que a doutrina afirme que os Entes Locais teñen competencia para actuar no eido da cooperación ao desenvolvemento internacional, coas limitacións que deriven das competencias atribuídas a outras Administracións Públicas na materia de relacións internacionais.

A habilitación aos municipios para intervir no eido da cooperación internacional ao desenvolvemento se atopa na Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, que destaca no seu articulado a incorporación dos entes locais á política de cooperación, destacando o papel relevante que realizan nos seus respectivos territorios. Deste xeito, o artigo 1.3 da Lei indica que o sistema de español de cooperación para o desenvolvemento sostible comprende, ademais do Estado e das Comunidades Autónomas, aos entes locais.

De acordo con isto, a Lei regula a cooperación descentralizada, que se define no artigo 35.1 como: “La cooperación descentralizada es el conjunto de programas, proyectos y acciones en materia de cooperación para el desarrollo sostenible que se realiza desde las comunidades autónomas, en el marco de sus competencias, y la que desarrollan los entes locales y forales (ayuntamientos, diputaciones provinciales y forales, cabildos y consejos insulares), que esta ley reconoce de manera expresa. La cooperación descentralizada es una de las señas de identidad y fortalezas de la cooperación al desarrollo sostenible española y expresión solidaria de sus respectivas sociedades que supone una importante contribución a un sistema de cooperación más democrático y a la buena gobernanza desde la complementariedad y la corresponsabilidad, y del papel de estas Administraciones en el sistema español de cooperación para el desarrollo, reconocidas a través de esta ley y de la Ley 2/2014, de 25 de marzo, de la Acción y del Servicio Exterior del Estado.”

Finalmente, o artigo 37, rubricado “Os entes locais”, dispón o seguinte: “Esta ley reconoce el importante papel de la cooperación de las entidades locales en el sistema de la cooperación española para el desarrollo sostenible y la solidaridad global a partir de su trayectoria y capacidad de generar alianzas, movilizar a los actores y las capacidades económicas y sociales y el conocimiento experto, así como el de las propias administraciones locales, en las áreas en las que gozan de competencias y capacidades, y promover la participación social y la democracia en el ámbito local. Los actores estatales del sistema español de cooperación para el desarrollo sostenible promoverán la actividad de cooperación de los entes locales y la simplificación de trámites burocráticos para favorecer dicho objetivo.

Esta cooperación podrá ejercerse también a través de fondos municipales de cooperación o de otras entidades.”

Por outra banda, a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, no seu artigo 96.3, considera axentes de cooperación para o desenvolvemento ás entidades locais recoñecidas pola Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñendo o seu artigo 98.1 o seguinte: “As entidades locais poderán desenvolver actuacións de cooperación para o desenvolvemento, como proxección exterior do exercicio das súas competencias, promovendo a coordinación e complementariedade entre as administracións públicas e achegando un valor engadido, especialmente naqueles ámbitos en que o municipalismo galego conta con experiencia e capacidades diferenciadas, como a protección de dereitos sociais básicos, os servizos sociais, o urbanismo





e a ordenación do territorio, a xestión pública dos recursos hídricos, a xestión ambiental, a igualdade de xénero, a educación para a cidadanía global ou calquera outro no marco das súas competencias.”

Á vista da normativa exposta, os municipios están facultados polo ordenamento xurídico para actuar no campo da cooperación ao desenvolvemento internacional.

2. Normativa de aplicación ás subvencións outorgadas polas entidades locais en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Segundo establece a disposición adicional décimo oitava da LXS, o Goberno aprobará por real decreto as normas especiais reguladoras das subvencións de cooperación internacional, que se adecuarán con carácter xeral ao establecido nesa lei, salvo que deban exceptuarse os principios de publicidade ou concorrência ou outros aspectos do réxime de control, reintegros ou sancións, na medida en que as subvencións sexan desenvolvemento da política exterior do Goberno e resulten incompatibles coa natureza ou os destinatarios delas.

Pola súa banda, a Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global, establece na súa disposición adicional terceira, dedicada ás subvencións e axudas de cooperación internacional, o seguinte: “Las subvenciones de cooperación internacional para el desarrollo se regirán por su normativa específica, que, además de asegurar la eficacia y simplificación de trámites, abordará la necesaria adaptación de los procesos burocráticos de la cooperación en esta materia a sus especificidades. Esta normativa será aprobada reglamentariamente. Estas normas tendrán carácter básico cuando desarrollen o complementen las normas de esta naturaleza de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.”

De acordo con estas previsións, a normativa que regula as subvencións nesta materia de cooperación internacional é o Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.

A disposición final segunda do Real Decreto 188/2025, establece o carácter básico de determinados artigos deste; a disposición final terceira prevé que os seus preceptos son de aplicación a todas as administracións públicas, de conformidade co seu carácter supletorio ou básico.

Débese de ter en conta tamén que o artigo 94.3 da Lei 10/2021, da cooperación para o desenvolvemento de Galicia regula determinadas especificidades das subvencións neste ámbito, adecuándose os restantes aspectos ao réxime xeral disposto na LSG.

No relativo á xestión e xustificación da subvención outorgada debe de terse en conta tamén o disposto no artigo III do Acuerdo Marco entre el Reino de España y el Organismo de Obras Públicas y Socorro de las Naciones Unidas para los Refugiados de Palestina en el Cercano Oriente (OOPS), que establece ás disposicións financeiras aplicables a proxectos e programas do OOPS (siglas en castelán da UNRWA).

3. Solicitude de subvención e proxecto subvencionado.

A solicitude da asociación acompáñase da seguinte documentación:

- Proxecto técnico ou memoria detallada da actuación para a que se solicita a subvención.
- Orzamento de ingresos e gastos para levar a cabo dita actuación.
- Declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos para seren beneficiaria de subvencións.
- Copia do NIF da representante da entidade.
- Copia do NIF da entidade solicitante.
- Copia da escritura pública acreditativa dos cargos representativos da asociación.
- Copia da escritura pública dos estatutos da asociación





- Certificación da súa inscrición no Registro Nacional de Asociacións e do seu domicilio social.
- Datos bancarios da conta á que se poderá transferir a achega económica (IBAN: ES66-2100-2262-1002-0033-9209 da entidade CaixaBank, S.A.).

Por outra banda, incorporouse de oficio ao expediente:

- Informe da Tesourería Municipal conforme a dita a asociación non ten débedas coa facenda municipal.
- Certificados de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.

En relación coa previsión do artigo 12.1 e) da OXS, relativa á inscrición nos rexistros oficiais, consultado o Rexistro da Agencia Estatal Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo (AECID), (<https://www.aecid.es/registro-ongd>) UNRWA España consta inscrita co número 1094. Do mesmo xeito, consultado o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento (<https://cooperacion.xunta.gal/es/entidades-inscritas-en-la-seccion-ongd>) compróbase que a UNRWA figura inscrita co número A-235.

Xa que logo, a documentación presentada pola beneficiaria axústase ao disposto no artigo 12 da Ordenanza de subvencións do Concello.

En relación co proxecto subvencionado, este ven determinado na memoria detallada presentada pola entidade beneficiaria, que figura no expediente co CSV 6HPPCFBPSL0SURM8. Nesta memoria descríbese polo miúdo o resumo da intervención subvencionada e o seu contexto xeográfico, político e social, onde se describe a situación de emerxencia humanitaria que se pretende paliar co proxecto subvencionado, da que tamén se da conta na memoria asinada pola alcaldía.

A Ley 1/2023, de 20 de febreiro, de Cooperación para o desenvolvemento sostible, e en termos semellantes a Lei 10/2021, de cooperación de Galicia, definen á acción humanitaria como o conxunto de accións orientadas a protexer e salvar vidas, previr e aliviar o sufrimento humano, atender as necesidades básicas e inmediatas, e protexer os dereitos e a dignidade das persoas afectadas por crises de orixe física-natural ou climático ou provocadas pola acción humana, sexan momentáneas ou prolongadas no tempo, e daquelas que padecen as consecuencias da violencia xeneralizada e os conflitos armados, incluíndo os desprazamentos forzados de poboación.

O artigo 84 da Lei 10/2021, de cooperación de Galicia, establece que a cooperación galega poderá levarse a cabo mediante o outorgamento de subvencións e axudas financeiras destinadas á acción humanitaria e axuda de emerxencia, que consiste nas actuacións de asistencia, socorro, protección, rehabilitación e reconstrución en favor das persoas e comunidades afectadas por desastres naturais, guerras ou conflitos armados.

Tamén, o artigo 85.2 c) da lei galega de cooperación dispón que a cooperación galega intervirá con carácter prioritario en materia de conflitos ou situacións de emerxencia humanitaria. E, por último, tal como sinala a memoria asinada pola alcaldía, o V Plan director da Cooperación 2023-2026, aprobado polo Parlamento de Galicia o 15 de xuño de 2023, identifica a acción humanitaria e de emerxencia como un dos ámbitos estratéxicos da cooperación, prevendo o apoio ás actuacións humanitarias e de emerxencia levadas a cabo por ONGD e organismos internacionais que traballen nos países que resulten afectados.

Á vista do anterior, semella que o proxecto obxecto da subvención reúne os requisitos previstos pola normativa de aplicación para seren financiado coa subvención prevista.

4. A entidade beneficiaria da subvención

A entidade solicitante da subvención é a Asociación Comité Español de la UNRWA (UNRWA España), que é a beneficiaria da axuda. Segundo indica a interesada na súa solicitude, a entidade constituíuse en xullo de 2005 baixo o amparo da UNRWA, que é a Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina





en Oriente Próximo (United Nations Relief and Work Agency for Palestine Refugees in the Near East, polo seu acrónimo en inglés¹), creada pola resolución A/RES/302 (IV) da Asamblea Xeral de 8 de decembro de 1949.

Consonte coa a documentación achegada pola interesada, a UNRWA asinou o 9 de xullo de 2005 un acordo con UNRWA España, renovado o 11.12.2023, polo que esta constitúese como “Comité Nacional da UNRWA” en España, outorgándolles a potestade de seren o único representante institucional da Axencia de Nacións Unidas en España.

Segundo o acordo de cooperación asinado entre UNRWA e UNRWA España, a entidade interesada obrígase a participar nas actividades de recaudación de fondos en apoio de UNRWA e os seus programas, estando entre as súas funcións a procura de fondos para financiar os proxectos da UNRWA de entidades públicas e privadas, entre as que nomea aos gobernos locais.

Por outro lado, segundo os estatutos da entidade, constitúe o seu obxecto consiste, entre outros extremos, en mobilizar recursos para financiar os proxectos da UNRWA a través de gobernos locais; indican tamén os estatutos que están entre as actividades que a entidade pode realizar para o cumprimento dos seus fins a de conseguir financiamento e outros medios de apoio aos proxectos da UNRWA.

Tendo en conta esta consideración, o artigo 38.2 da Lei 1/2023, de 20 de febreiro, dispón que: “A todos los efectos de esta ley, las organizaciones que ostentan la representación en España de organismos multilaterales y están reconocidas como sus comités nacionales, serán reconocidas en sus especificidades según la correspondiente normativa internacional de aplicación.” Esta mesma norma dispón que a acción humanitaria poderá levarse a cabo a través de organizacións non gubernamentais e organizacións internacionais, nomeadamente do sistema de Nacións Unidas.

No mesmo senso, a Lei galega 10/2021, do 9 de marzo, no seu artigo 96.3 d), considera como axentes de cooperación para o desenvolvemento ás axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais ou organizacións que as representen en España, prevendo o artigo 101. 1. que as axencias das Nacións Unidas e os seus comités estatais, ou as organizacións que as representen en España, poderán recibir axudas e subvencións nos sectores de actuación e nos colectivos en que estean especializadas.

Como se indicou, UNRWA España consta inscrita co número 1094 no Rexistro da AECID, e co número A-235 no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, requisito que se configura como obrigatorio tanto na Lei 1/2023, de 20 de febreiro, como na Lei galega 10/2021, para poderen solicitar axudas e subvencións públicas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento.

Á vista do exposto e segundo a documentación xuntada ao expediente, UNRWA España ten a consideración de comité estatal da Axencia de Nacións Unidas, á que lle é de aplicación o réxime xurídico previsto para esta organización na normativa de aplicación. A entidade solicitante ostenta a representación no Estado da citada axencia, estando facultada para xestionar subvencións en materia de acción humanitaria para os proxectos desenvolvidos pola UNRWA, polo que cumpre os requisitos esixidos legalmente para seren beneficiaria da axuda. Neste senso, cómpre puntualizar que o artigo 2 d) do Real Decreto 188/2025 que define o concepto de beneficiario, indica que este non ten que ser coincidente coas persoas ou entidades destinatarias finais da intervención subvencionada.

5. Procedemento de outorgamento da subvención mediante a súa concesión directa

O artigo 8 do Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, dispón que se outorgarán subvencións de forma directa nos supostos recollidos na LXS, con arranxo ao disposto no título II do dito real decreto, constituíndo a resolución de concesión as bases reguladoras da subvención ou axuda.

1 Traducido ao castelán como “Organismo de Obras Públicas y Socorro de las Naciones Unidas para los Refugiados de Palestina en el Cercano Oriente (OOPS)”





O artigo 33 da mesma norma establece que as subvencións destinadas a apoiar intervencións de acción humanitaria poderán concederse de forma directa, estando exceptuadas dos principios de publicidade e concorrência.

Tendo en conta o anterior, en atención ao procedemento de concesión da achega económica, o artigo 22.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, desenvolvido polo artigo 67 do Real Decreto 887/2006, permite, con carácter excepcional, a concesión de subvencións de forma directa cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, contendo a memoria da alcaldía pola que se incoa este expediente a debida xustificación razoada das razóns de carácter humanitario que inspiran o outorgamento das subvención, comprendidas na definición de acción de emerxencia humanitaria aprobada pola normativa de cooperación internacional. A memoria da alcaldía xustifica tamén o carácter singular da achega que se realiza, e os criterios para a selección da entidade beneficiaria, polo que se cumprirían os requisitos para o outorgamento directo da subvención proposta.

A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello determina no seu artigo 36.1c) que as subvencións outorgadas con carácter excepcional polo procedemento de concesión directa poderán outorgarse ata o límite do 30% do importe do crédito destinado a cada partida orzamentaria; a base 40.2 das de execución do orzamento indica que non será aplicable, na tramitación de subvencións directas o límite contido no artigo 36.1.C da OXS.

Pola súa banda, a base 40.3 das de execución do orzamento establece que as subvencións directas instrumentarase sempre mediante o correspondente convenio de colaboración, podendo excluírse desta obriga aquelas nas que se xustifique motivadamente no expediente razóns de grande impacto social e urxencia na tramitación ou calquera outro que aconsellen a súa tramitación sen convenio.

No presente suposto, enténdese máis favorable aos intereses xerais que a subvención non se instrumentalice mediante convenio, ao tratarse dunha intervención en emerxencia humanitaria internacional e que ten na actualidade un grande impacto social. En apoio da instrumentalización da subvención por esta vía, signifícase que o Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo aboga pola simplificación administrativa e interpela aos órganos concedentes das subvencións a garantir a eficacia e a simplificación de trámites; en aras a estes principios, resulta máis áxil a concesión e regulación da subvención mediante acordo do órgano competente, prescindindo da sinatura dun convenio de colaboración. Por maior abastamento, o Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo regula a tramitación do procedemento de concesión directa destas subvencións e determina o contido do expediente, dispoñendo como regra xeral que a concesión das subvencións directas se articulen mediante resolución de concesión (artigos 35 e 36).

6. Contido do acordo de concesión da subvención

Por este servizo xestor redactouse unha proposta de acordo de concesión da subvención, que recolle os termos previstos no artigo 36.1 do Real Decreto 188/2025, de 11 de marzo, así como do artigo 9 da OXS.

Do contido deste acordo cómpre referirse ás seguintes cuestións:

- De conformidade co disposto no artigo 17.1 do Real Decreto 188/2025, co artigo 88.2 do RLXS, coa disposición adicional segunda da LSG, co artigo 85.3 a) da Lei 10/2021 galega de cooperación e coa base 42.1 das de execución do orzamento, establécese o pago anticipado do 100% da subvención concedida.

Igualmente, de conformidade coa mesma normativa, a entidade beneficiaria está exonerada da constitución de garantías.

- Consonte co artigo 14 do Real Decreto 188/2025 e tendo en conta as circunstancias e natureza da subvención, autorízase á entidade beneficiaria a subcontratar con terceiros para levar a cabo a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención. Non se considerará subcontratación cando a entidade beneficiaria contrate con terceiros aqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.





- En canto ao réxime de xustificación, o artigo 42.1 do Real Decreto 188/2025 dispón o seguinte: “Cuando las entidades beneficiarias sean organismos internacionales del sistema de Naciones Unidas o entidades que ejerzan su representación en España, las convocatorias contemplarán la normativa interna de estos organismos o entidades que ejerzan su representación en España, de acuerdo con los mecanismos establecidos en los acuerdos u otros instrumentos internacionales que les sean de aplicación, tal y como se establece en el artículo 38.2 de la Ley 1/2023, de 20 de febrero.”

De acordo con isto, resulta de aplicación ao presente suposto a forma de xustificación aplicable ás axencias e organismos de Nacións Unidas, segundo o previsto no Acordo Marco entre o Reino de España e o Organismo de Obras Públicas e Socorro de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina no Cercano Oriente (OOPS), así como o previsto no Real Decreto 188/2025, nomeadamente os artigos 21 (normas de xustificación), 22 (documentación xustificativa) e 24 (xustificación en situacións excepcionais).

Xa que logo, a xustificación da subvención realizarase coa presentación da seguinte documentación:

a) Memoria técnica da actuación realizada, na que consteno grao de cumprimento dos obxectivos e os resultados obtidos.

b) Documentos xustificativos das transferencias de fondos dende o Comité Español da UNRWA, con indicación do doante, a cantidade, e o proxecto ou programa ao que se destinan os fondos.

c) Certificado de recepción de fondos emitido pola central da axencia ou organismo dependente de Nacións Unidas, onde se reflicta o tipo de cambio.

c) Certificado da subvención recibida asinado polo responsable de Relacións Externas de UNRWA, detallando o proxecto ao que se destinan os fondos.

d) Documento de Estado Financeiro, emitido polo Departamento Financeiro da UNRWA.

d) Documento xustificativo dos gastos mediante a expedición dunha factura única emitida a nome do Comité Español da UNRWA polo Departamento Financeiro da UNRWA, no que consten, entre outros, os seguintes extremos:

1. Identificación do programa obxecto da subvención.

2. Código contable asignado ao proxecto e título do proxecto

4. Nome do doante (Concello de Pontevedra)

5. Subvención recibida en Euros e o seu equivalente en Dólares Americanos (moeda empregada por Nacións Unidas)

6. Gasto executado por partidas contables

- Consonte co artigo 20 Real Decreto 188/2025, prevese no acordo que cando a xustificación da subvención reflicta que se cumpriron plenamente os obxectivos para os que foi concedida a subvención e que, por unha utilización eficiente dos recursos existan remanentes non investidos, incluíndo os posibles rendementos financeiros non aplicados á actividade subvencionada, a entidade beneficiaria poderá utilizalos na mesma actividade ou noutra destinada á axuda humanitaria de emerxencia co mesmo obxecto que a subvención concedida, previa autorización polo Concello de Pontevedra.

Tamén, a disposición adicional terceira da Lei 1/2023, de 20 de febreiro, establece que a esixencia do interese de demora para os reintegros, devolucións e remanentes non aplicados non será de aplicación ás subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional outorgadas por calquera administración pública estatal, autonómica ou local; esta previsión trasládase tamén ao contido do acordo regulador da subvención.

- A publicidade da subvención concedida adecúase ao previsto no artigo 31 do Real Decreto 188/2025 e á natureza da actuación para a que se concede á axuda, autorizando a adecuación das actuacións de





publicidade cando existan circunstancias de seguridade ou doutra índole, debidamente xustificadas, que aconsellen reducir a visibilidade da actuación.

7. Tramitación seguida para a aprobación da subvención

De conformidade co establecido no artigo 35 do Real Decreto 188/2025 e coa base 40.1 das de execución do orzamento, incorporouse ao expediente a memoria xustificativa asinada pola alcaldía, así como o informe de sostibilidade ao que fai referencia a base 50ª das de execución do orzamento en desenvolvemento do disposto no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

De conformidade cos artigos 213 e seguintes do TRLFL e 58.4 a) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal, o expediente foi informado pola Intervención Xeral Municipal, corrixíndose o erro posto de manifesto por este órgano en relación coa aplicación orzamentaria que consta no proxecto de acordo regulador da axuda.

En relación co pagamento anticipado da subvención, para dar cumprimento ao disposto no artigo 88.3 do RXS e ao punto terceiro B) 3.1 do Acordo de determinación de fiscalización previa limitada en réxime de requisitos básicos, aprobado polo Pleno do Concello de 24.03.2025, infórmase o seguinte:

a) Que a entidade beneficiaria cumpre os requisitos establecidos nas bases reguladoras e na Ordenanza Xeral de Subvencións, e que acreditou que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT e coa TXSS, incorporándose ao expediente as correspondentes certificacións desta circunstancia.

b) Que segundo os datos e expedientes dos que dispón este servizo, non foi ditada ningunha resolución declarativa da procedencia do reintegro da subvención nin da perda do dereito ao seu cobramento polas causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

c) Que, segundo os datos obrantes neste servizo, o órgano concedente da subvención non acordou, como medida cautelar, a retención dos libramentos de pagamento ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos á mesma subvención.

De acordo co artigo 8.1.c da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade á subvención concedida. Pola súa banda, deberase remitir á Base de Datos Nacional de Subvencións, a información sobre a axuda outorgada, nos termos indicados no artigo 20.8 da Lei Xeral de Subvencións.

A competencia para a concesión directa da subvención correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por aplicación do artigo 36.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións, ao superar o seu importe a contía de 12.020,24 €, correspondendo tamén a este órgano a autorización do gasto nas materias da súa competencia, segundo establece o artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro dos informes emitidos polo Gabinete da Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal incorporados ao expediente e que lle serven de fundamento ao abeiro do artigo 88.6 da Lei 39/2015, por unanimidade, acorda:

Primeiro: Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación Comité Español de la UNRWA (NIF G84334903) por importe de 15.000,00€ para a execución do proxecto internacional de acción humanitaria consistente en garantir o exercicio do dereito á saúde da poboación máis vulnerable da Franxa de Gaza, nos termos do acordo que se xunta como anexo deste acordo.

O procedemento de concesión da subvención é o excepcional previsto no artigo 22.2 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, motivado nas especiais razóns de interese humanitario xustificadas no expediente.

En atención ao especial interese social e humanitario da finalidade perseguida, a subvención poderá alcanzar o 100% da actividade subvencionada.





Segundo.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria, operación contable do exercicio vixente e importe que se sinala a continuación:

Aplicación	Operación Contable	Importe
01/2310/48900	12025000060389	15.000,00 €

Terceiro.- Aprobar o anexo coas especificacións técnicas e económicas reguladoras da subvención redactado por este servizo xestor (documento co CSV XS1ZPG8KPHHVKDGD).

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

